



Nestas datas tan especiais, dende o Concello de Barreiros queremos sacar o maior potencial solidario da poboación e poñelo a disposición das persoas e familias máis vulnerables nos tempos de pandemia tan difíciles que estamos a vivir.

Desta pretensión mana o evento MaisKmsBarreiros, pois destinará a recadación íntegra das súas inscricións a prol das necesidades de emerxencia social do concello (alimentación, roupeiro, material escolar, etc).

Ademais deste aporte solidario, con este evento preténdese axudar dunha maneira simbólica aos establecementos locais do Concello de Barreiros que tras o impacto da pandemia se están vendo afectados.

Como? MaisKmsBarreiros propón que todos os seus inscritos/as, de forma conxunta, percorran un total de 6000 quilómetros, camiñando, correndo ou andando en bicicleta. De forma que, por cada km percorrido estarase sumando cincuenta céntimos ao valor económico total dos cheques regalo que serán sorteados para realizar compras nos establecementos asociados a esta iniciativa.

Dende logo, participar en MaisKmsBarreiros fai posible que en tempos da COVID-19 nos volvamos, se cabe, un pouco máis solidarias/os á vez que fomentamos que a poboación realice diariamente actividade física como estilo de vida saudable.

## REGULAMENTO OFICIAL MaisKmsBarreiros

### Índice

Artigo 1. Obxecto.	3
Artigo 2. Obxectivo do evento.	3
Artigo 3. Modalidades deportivas.	3
Artigo 4. Rexistro da actividade física.	3
Artigo 5. Categorías.	3
Artigo 6. Inscripción e datas.	4
Artigo 7. Obsequio regalo: punto de entrega e recollida e horarios.	4
Artigo 8. Publicación dos resultados.	4
Artigo 9. Sorteio de cheques regalo.	4
Artigo 10. Páxinas oficiais do evento.	5
Artigo 11. Responsabilidades.	5

**Artigo 1. Obxecto.**

O presente regulamento ten por obxecto regular determinados aspectos do evento MaisKmsBarreiros.

**Artigo 2. Obxectivo do evento.**

MaisKmsBarreiros trátase dun reto deportivo e virtual no cal todos os seus inscritos/as, de forma conxunta, teñen que percorrer un total de 6000 kms., quilómetros que serán realizados camiñando, correndo ou andando en bicicleta, nun prazo de 10 días, dende o 21 de decembro ao 31 de decembro do 2020.

Por cada quilómetro percorrido e rexistrado na web ou na app oficial do reto, as persoas inscritas/os estarán aportando unha contía que retribuirá o Concello de Barreiros en concepto de cheques regalo, que serán sorteados unha vez finalizado o prazo do reto para seren consumidos nos establecementos locais do concello asociados a esta iniciativa.

**Artigo 3. Modalidades deportivas.**

No momento da inscrición a persoa inscrita escollerá dentro da súa categoría a ou as modalidades deportivas seguintes para percorrer os kms., en función da actividade física de preferencia:

- A. **+CORRE** (correndo)
- B. **+BICI** (andando en bicicleta)
- C. **+ANDAINA** (Camiñando)

Os traxectos para realizar a actividade física serán libremente escollidos pola inscrita/o, preferentemente no Concello de Barreiros. Aconséllase escoller un traxecto axeitado e seguro para a práctica e que permita cumprir coas medidas de prevención vixentes para facer fronte á pandemia actual.

**Artigo 4. Rexistro da actividade física.**

Cada inscrita/o deberá rexistrar a súa actividade física na web ou app oficial aportando unha captura de algún dispositivo que a acredite. Os datos rexistrados serán a base para actualizar as clasificacións virtuais de cada categoría.

**Artigo 5. Categorías.**

As persoas participarán dentro da súa categoría atendendo aos rangos de idade nos que se atope no momento da inscrición, sendo todas elas mixtas:

- PROMESAS SOLIDARIAS: persoas menores de 8 anos.
- INFANCIA SOLIDARIA: persoas de 9 e 12 anos.
- ADOLESCENTES SOLIDARIOS: persoas entre os 13 e os 16 anos.
- XUVENTUDE SOLIDARIA: persoas entre os 17 e 29 anos.
- ADULTOS SOLIDARIOS: persoas entre os 30 e os 59 anos.
- VETERANIA SOLIDARIA: persoas maiores de 60 anos.

### **Artigo 6. Inscripción e datas.**

As inscricións realizaranse a través da [www.maiskmsbarreiros.com](http://www.maiskmsbarreiros.com) ou na app oficial. O prazo ábrese o día **17 de decembro** e péchase o día **27 de decembro do 2020**.

As persoas inscritas terán dereito a:

- Adquirir un obsequio oficial do evento.
- Obter un dorsal virtual.
- Obter un diploma virtual ao finalizar o evento.
- Acceder de maneira gratuíta aos servizos que oferta a App oficial
- Interacción coas redes sociais oficiais.

A recadación total das inscricións así como os aportes económicos extras que cadaquén faga de forma voluntaria, destinaranse exclusivamente ao fondo de emerxencia social do Concello de Barreiros (alimentación, roupeiro, material escolar, etc).

O custo da inscrición será::

- Menores de 16 anos (inclusive): 1€ + aporte económico extra (voluntario)
- Maiores de 16 anos: 2€ + aporte económico extra (voluntario)
- Dorsal KM0 (aporte económico voluntario sen participación)

### **Artigo 7. Obsequio regalo: punto de entrega e recollida e horarios.**

Coa inscrición entregarse, de maneira gratuíta, un obsequio que deberá ser recollido de forma presencial entre o luns 21 de decembro e o martes 29 de decembro do 2020.

Lugar: Aula CeMIT

Dirección: Teleclub - Estrada da Praia nº1 - 27790 Barreiros (San Cosme) Barreiros – Lugo.

Horario: De luns a venres de 9:00 a 14:00.

### **Artigo 8. Publicación dos resultados.**

Os resultados oficiais do evento serán actualizados automaticamente na web e app oficial, cada vez que se rexistre unha actividade por parte das inscritas/os. Ao final do reto entregaráse un diploma virtual a cada participante.

As/os 1º, 2º e 3º clasificadas/os de cada categoría que acumulen o maior número de quilómetros ao final do reto, serán agasallados con dorsais extras para entrar no sorteo dos cheques regalo.

### **Artigo 9. Sorteo de cheques regalo.**

Todos as persoas inscritas entrarán no sorteo de cheques regalo para realizar as súas compras nos establecementos locais do Concello de Barreiros asociados a esta iniciativa.

Cada participante entrará no sorteo co seu número de dorsal excepto:

- A. As persoas que entren en podium (1º, 2º e 3º clasificada/o de cada categoría) entrarán no sorteo con mais dorsais e da seguinte maneira:
- 1º clasificadas/os entrará con 5 dorsais.
  - 2º clasificadas/os entrará con 3 dorsais.
  - 3º clasificadas/os entrará con 2 dorsais.
- B. A publicación de Facebook con mais *likes* (me gusta) a día 31 de decembro ás 12:00h., entrará no sorteo con 5 dorsais. A publicación terá que cumprir con tres condicións:
- Incluír unha foto na que apareza a persoa inscrita co agasallo oficial e/ou dorsal do evento.
  - Incluír o hashtag #MaisKmsBarreiros.
  - Nomear ao Concello de Barreiros @Concello.barreiros

O valor económico máximo do conxunto dos cheques regalo será de 3000 € no caso de ter rexistrados os 6000 quilómetros propostos como obxectivo do reto. Si non e acadan esos quilómetros previstos, a contía reducirase de forma proporcional. Si se conseguise unha participación e uns resultados que excedan moito das expectativas, poderase estudar a posibilidade de incrementar dita contía.

### Artigo 10. Páxinas oficiais do evento.

- Páxina web do evento: [maiskmsbarreiros.com](http://maiskmsbarreiros.com)
- Facebook do Concello de Barreiros.
- No hashtag do facebook: #MaisKmsBarreiros
- <http://www.concellodebarreiros.gal/>

### Artigo 11. Responsabilidades.

Cada persoa ou titor/ra legal dun menor, que formalice a súa inscrición:

- Declara coñecer e aceptar as condicións do presente Regulamento.
- Declara que a inscrita/o atópase nun estado de saúde óptimo para desenvolver a práctica de actividade física esixida en cada reto.
- Exime de toda responsabilidade á Organización ante calquera accidente ou lesión que puidera sufrir a inscrita/o durante o evento, renunciando a calquera acción legal en contra de calquera da entidade organizadora.
- Autoriza á Organización ao uso publicitario de calquera material fotográfico ou audiovisual no que poda figurar a inscrita/o, sen límite temporal e sen esperar retribución algunha por tal concepto.
- Consinte que a organización, por si mesma ou mediante terceiras entidades, trate con finalidade deportiva e promocional os datos de carácter persoal do inscrito/a, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, da Protección de Datos de Carácter Persoal.
- Comprométese a realizar a práctica deportiva cumprindo as medidas de prevención necesarias vixentes para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

A organización reservase o dereito á modificación deste regulamento se as circunstancias o esixisen. Aspectos non recollidos neste regulamento resolveranse atendendo a criterios propios da Organización.